

A retranca feita novela

Marcelino Fernández Mallo presenta este xoves na Coruña 'Pallarega', unha nova novela retranquierna na que o humor, a intriga e a ironía son partes fundamentais da trama. Artigo do autor no interior.

Por Galicia Confidencial | A Coruña | 03/05/2012

Nicolás Traseira pasará á historia da literatura galega. El é o principal protagonista de Pallarega, unha novela que mestura os ingredientes das grandes obras cunha asombrosa naturalidade. Personaxes heteroxéneos e matizables van aparecendo en escenarios diversos e propiciando, con frecuencia, situacións inesquecibles. A ironía, o humor, a intriga e unha ben medida sensibilidade, intercálanse ó longo deste relato que principia nun lugar da montaña luguesa durante os anos previos á contenda civil. Nicolás ábrese ó mundo en Madrid, onde coñece a España franquista e as liortas internas do réxime. Esas mesmas leas fanlle regresar. Aínda sen necesidade que o apreme, emigra a La Habana onde experimenta en carne propia un cóctel de traballo duro, diversión sen freo e a corrupción dun goberno vendido ás mafias gringas. Novamente debe retornar. O microcosmos endogámico e clerical que atopa na súa vila fai que tampouco non acougue nela...

Marcelino Fernández Mallo xa conquistara o lector galego nas súas entregas anteriores: Cabilia, A trenza e Klásicos. Inda sendo historias e representado fórmulas narrativas ben diferentes, as tres obras amosan elementos comúns como a preocupación por achegar unha perspectiva persoal, a busca de contido social, o emprego intensivo da retranca e un ritmo argumentativo que dosifica as claves e movementos esenciais das historias. En Pallarega, este economista coruñés reincide nos elementos anteriores e ademais engade unha construción moi elaborada do protagonista e a análise de lugares e momentos históricos irrepetibles.

Precisamente, o autor, colaborador habitual do GC, fálanos deste libro:

"Cando un remata un libro, é como se o desinchasen, como se lle quitasen o ar que ata entón lle permitía vivir, incluso voar. Con Pallarega esta sorte de "síndrome" manifestouse en toda a súa magnitude. Durante semanas, pensei que o esforzo non pagaba a pena. Pero mentres eu me mantiña en tal hibernación emocional, o mundo seguía movéndose. E unha reportaxe amosaba un novo oficio que xurdira no Xapón tralo arrepiante terremoto con tsunami que sufriu este país hai dous anos. Son os reparadores da memoria, aqueles que van remexendo entre os refugallos das vilas e os cascallos das vivendas para atopar calquera rastro de imaxe identificable. Recompilan fotografías, sométenas a un proceso de restauración e ofrécenas ós damnificados. Daquela entendín que unha fotografía, igual ca unha novela, non eran senón testemuñas do pasado. Tamén a ficción, si, pois a súa semente se atopa sempre na memoria. E nun pasado que dá orixe, e así pois explica, o presente. Un pasado que no caso de Pallarega se concentra na xeración dos nosos país, esa sociedade admirable nacida entre os anos 20 e 30, que houberon medrar e, por

tanto, formarse nunha contorna mutilante e dogmática, unha contorna dirixida a crear seres submisos e babecos, ignorantes e parvulos, incapaces de decidir por si mesmos e de explotar calquera sinal de talento que agochasen no seu interior. Iso fan as ditaduras ao cabo. Pois ben, esa xeración en Galicia, posiblemente noutras partes de España, demostrou unha valentía, unha capacidade de loita e resistencia, unha habilidade para o emprendemento, unha flexibilidade, unha iniciativa e un talento, que xa lles gustaría á xeración que a seguiu. Esta posiblemente sexa a razón última da existencia de Pallarega.

Un pasado do que se poden extraer boas ensinanzas aplicables ós tempos actuais. Pallarega desenvólvese entre os anos 1934 e 1959, aproximadamente, un cuarto de século do máis convulso e do máis ateigado de riscos e incerteza. Nese ambiente, os protagonistas son capaces de sobrevivir sen queixa, nin sensación de traxedia (agás os anos fatídicos da contenda civil, naturalmente), sen impresión de ter sido desfavorecidos pola Historia. Daquela descoñecían a influencia do materialismo, da especulación, os efectos da rivalidade comercial, a medida dos valores a través de rankings e cotas de mercado. Coido que as súas decisións estaban máis preto da esencia do ser humano do que están hoxe en día.

Por todo isto naceu Pallarega, posiblemente, ou quizais por outros motivos distintos. En realidade, un nunca sabe como xurde unha historia. Un día ten unha idea, fai un esquema, busca algo de información, tenta escribir uns borranchos sobre un papel, míraos a ver se adquiren movemento, se deles se pode extraer un relato fascinante, e ao día seguinte se sorprende absolutamente obsesionado por ese relato que nada máis son unhas febles liñas descontinuas. Pouco a pouco vai adquirindo momentos e escenas, ós que procura dar algo de forma para tornar en ideas. Despois recolle todas esas pezas e desafiáas porque así soltas non serven de nada. E, velaí o momento clave, empeza a imaxinar, a fantasiar, empeza a crear unha outra realidade, a que chamamos ficción. Unha ficción colocada en distintos escenarios nos cales has de mergullarte, ós que debes trasladarte mental e emocionalmente. Por último, para os personaxes, has buscar referentes válidos que lle dean verosimilitude á historia. Eu, o referente principal tíñao ben próximo.

Diciamos antes que Pallarega é testemuña dun pasado recente, o dos nosos pais, a maioría dos cales viñeron ó mundo en lugares pequenos. Porén, malia o reducido deses universos, neles reproducíanse os roles esenciais de calquera outra comunidade. A que hoxe chamaríamos figura do líder era exercida na novela polo pai de Nicolás, un carpinteiro de oficio que termina sendo labrego e que actuaba inconscientemente como facho da Pallarega. Mesmo a partir dos seus limitados estímulos, prognostica o estourido do conflito bélico. "Non diga tal, Pallarega", pídenlle os veciños. O fillo, Nicolás, medra rodeado polas mesquindades derivadas dunha guerra civil, o cal sérvelle de ben máis aprendizaxe cás poucas aulas ás que acode. A súa vida non permite parada e xa de mozo asiste a experiencias de forte pegada. E marcha; primeira estación, temporal, Ferrol anos 40. Axiña

segue para Madrid onde coñece de preto a sociedade franquista á cal procura adaptarse con naturalidade, sen o trauma que pode significar unha ditadura para un home talentoso e de espírito ceibe coma é Nicolás. Pode representar o protagonista esa maioría social que asumiu o franquismo coma un simple marco de convivencia sen cuestionar o fondo político ou ideolóxico. Transición na casa antes de tirar para La Habana, máis por desubicación persoal que por necesidade; a emigración tamén era unha saída para casos coma o seu, non tan habituais. En La Habana encontra o seu lugar na Terra, onde satisfacer os seus degoiros e a súa capacidade de sedución persoal. Mais outrosí atopa o poder das circunstancias, da contorna, que o obrigan a un indesexado retorno. Volve pórse de manifesto o pouco habitual do seu caso como emigrante. Xa de volta ó País, descobre a evolución, o desenvolvemento, as primeiras etapas dunha transformación que terminará de cristalizar aínda décadas máis tarde. A metamorfose social inflúe na súa percepción vital, que se fai crítica e revisionista.

Pallarega pode ser unha novela de adaptación persoal, de supervivencia, de intelixencia; tamén de cuestionamento de estruturas e de réximes. Naquela xeración, as ditaduras mutilaban as capacidades, as arelas e ata os sentimentos dos cidadáns. Hoxe, a relación entre o pobo e o poder tampouco variou tanto. Máis ben cambiaron as condicións de vida e a natureza da tiranía".